

Ferrol Vello comeza as festas con embarcacións tradicionais

redacción ferrol | 03 de Septiembre de 2013



imaxe dun dos barcos que participou na concentración do ano pasado jorge meis

Ferrol Vello estará en festas esta fin de semana porque, como escriben no propio cartel, “tamén estamos pa festas”. A primeira das actividades será o encontro de embarcacións tradicionais

Ferrol Vello estará en festas esta fin de semana porque, como escriben no propio cartel, “tamén estamos pa festas”. A primeira das actividades será o encontro de embarcacións tradicionais, unha cita que cada ano, desde hai máis de vinte, levan adiante desde a sección de vela tradicional do Club do Mar. Haberá saídas para percorrer a ría mañá e trade (ás 12.00 e ás 17.30 horas). Veleiros chegados desde distintos puntos da ría ferrolá e doutros puntos de Galicia participarán nesta xuntanza, que ten como premio para o gañador un xamón, coa condición de que se reparta alí mesmo, compartindo a festa con tódolos participantes, e que só poida levar para a casa o óso.

Xa en terra, o sábado, desde as seis da tarde, haberá xogos populares, cunha cucaña como un dos principais atractivos.

A música tomará o relevo ás oito, coa actuación do grupo Alén de Ancos na carpa que se instala no porto e tamén coa música da rondalla Sonidos del Alba, que presentará o seu repertorio na sala de exposicións da

Autoridade Portuaria.

A Parrocheira terá tamén o seu apartado gastronómico, cunha churrascada a prezos populares que se comezará a servir no porto ás 20.30 horas. E para animar a festa ata a madrugada, ás once botará a andar un concerto do grupo ferrolán Padel Rock, que vén de pór a música no musical dos 80 no que participaron figuras desa época co que se inauguraron as festas de Ferrol.

nenos

O intenso programa de actividades do sábado dará paso a un domingo no que tamén haberá propostas para acompañar ó aspecto máis tradicional das festas, coa misa no Socorro e a procesión marítima.

Os nenos gozarán cunha festa infantil a partir das cinco da tarde, que incluírá música, inchables e tamén un canón de espuma. A misa solemne está prevista para as seis da tarde. Sairá despois a Virxe en desfile pola ría e, de volta no seu santuario, actuará o Toxos e Froles, coro que adoita participar nesta celebración no barrio. A cea na carpa contará cunha cata de viños a partir das nove e coa música dos Xotas.

Puede ver este artículo en la siguiente dirección <http://www.diariodeferrol.com/articulo/ferrol/ferrol-vello-comeza-festas-embarcacion-tradicionais/20130902223733057384.html>

DiariodeFerrol.com

© 2013 Diario de Ferrol

Copyright © 2012 Noticias de Ferrol, Galicia, España y del mundo - Diario de Ferrol. Todos los derechos reservados. Diseño y Adaptación: Openhost - www.openhost.com

Desarrollado por OpenHost
con:

